


A SARDIÑA

Un dos peixes máis representativos de **Galicia** é **A Sardiña**
Sardina pilchardus (Walbaum, 1792)



A sardiña, *Sardina pilchardus* (Walbaum, 1792), é un peixe osteíctio mariño da familia dos clupeidos, dentro da orde dos clupeiformes, sendo o único representante do xénero ***Sardina***.

Cando as sardiñas son pequenas denomínanse **xoubas** nas Rías Baixas (máis ou menos, de Fisterra para abaixo),^[3] e **parrochas** nas Rías Altas (máis ou menos, de Fisterra para arriba).

A sardiña captúrase con artes de cerco e de enmalle ou deriva (como o xeito), durante a noite, e destínase a consumo en fresco, afumada, salgada ou en conserva. Abunda en todas as costas españolas e foi precisamente a riqueza en sardiña das augas galegas no que se baseou a industria conserveira galega, iniciada na segunda metade do século XVIII polos chamados *fomentadores da pesca* cataláns, hoxe diversificada noutras especies de peixes e moluscos.

Características

As principais características definitorias da sardiña son as seguintes:

Corpo alongado e de sección ovalada, algo comprimido lateralmente. Xeralmente de pequenas dimensións, de 10 a 25 centímetros de lonxitude.

Coloración azulada ou verdosa no dorso cos flancos e o ventre prateados. Ás veces pódense ver nos flancos unha liña de pequenas manchas negras que recordan ás das zamborcas.

Escamas de tipo cicloide, desiguais, unhas grandes, que se desprenden con facilidade e que ocultan a outras máis pequenas, que están debaixo. Liña lateral lonxitudinal, oculta por unha serie de 30 escamas. Quilla ventral, aparentemente lisa, formada por escamas carenadas.

Opérculo con estrías lonxitudinais dispostas radialmente. Boca con dentes moi pequenos en ambos os maxilares, e sen eles no vómer. Os maxilares son curtos, case iguais (a mandíbula sobresaí só un pouco do maxilar superior), e chegan ata o terzo anterior dos ollos, que están cubertos por pálpebras adiposas ben desenvolvidas.

Unha única aleta dorsal, situada case no centro do lombo, algo máis cerca da cabeza que do pedúnculo caudal, carácter que serve para diferenciar a sardiña do arenque, que ten a aleta dorsal en posición máis posterior: se se toma o peixe pola aleta caudal, a sardiña bascula cara a atrás e o arenque cara a adiante. As aletas pelvianas están inseridas á altura do medio da aleta dorsal. Todas as aletas carecen de raios espiñentos.

Son especies semellantes á sardiña o arenque (*Clupea harengus*), a alacha (*Sardinella aurita*) e o trancho (*Sprattus sprattus*).

Hábitat e bioloxía



Xoubas ou parrochas.

A sardiña distribúese polo Atlántico leste, desde Islandia e o sur de Noruega e Suecia, polo norte, até as costas do nordeste africano, ata Senegal, polo sur, pasando polas illas Azores e as de Cabo Verde, e internándose polo Mediterráneo ata o mar Negro. Son menos abundantes nas costas máis setentrionais

É un peixe peláxico, gregario, que forma grandes cardumes ou mansíos en augas costeiras, por riba dos 50 metros de profundidade, buscando sempre as augas máis cálidas e salgadas, migrando cara ao norte en verán e cara ao sur en inverno, alimentando importantes pescarías. Aliméntase principalmente de zooplancto (como pequenos crustáceos e ovos e larvas de peixes).

A época da reprodución é durante a primavera e o verán, dependendo da temperatura da auga, en mar aberto ou preto da costa. Na parte meridional do mar do Norte a desova ten lugar desde xuño ata agosto, no canal da Mancha en abril, en Galicia e Portugal de febreiro a abril, e no Mediterráneo desde setembro ata maio.

As femias producen de 50 000 a 60 000 ovos, e de 1,5 mm de diámetro, que eclosionan ao cabo de 2 a 4 días, e as larvas miden, cando nacen, uns 4 mm.

Outras sardiñas

Na bibliografía internacional, sobre todo na castelá, co nome de *sardina*, e na inglesa co de *sardine* ou o de *pilchard*, poden designar a diferentes especies de peixes da familia

dos clupeidos, estreitamente emparentados coas verdadeiras sardiñas, o que pode ocasionar non poucas confusións.

- Xénero *Amblygaster*
 - *Amblygaster clupeioides*
 - *Amblygaster leiogaster*
 - *Amblygaster sirm* = *Sardinella sirm* – **sardinela de manchas**
- Xénero *Dussumieria*
 - *Dussumieria acuta* – **sardiña arco da vella**
 - *Dussumieria elopsoides*
- Xénero *Escualosa*
 - *Escualosa elongata*
 - *Escualosa thoracata* – **sardiña branca**
- Xénero *Sardinella*
 - *Sardinella albella* – **sardinela branca**
 - *Sardinella aurita* – **sardinela lombuda, sardinela atlántica, lacha**
 - *Sardinella fimbriata* – **sardinela fimbriada**
 - *Sardinella gibbosa*
 - *Sardinella lemuru* – **sardinela de Balí**
 - *Sardinella longiceps* – **sardinela da India**
 - *Sardinella madeirensis* – **sardinela de Madeira**
 - *Sardinella rouxi* – **sardinela de cola amarela**
 - *Sardinella zunasi* – **sardinela do Xapón**
- Xénero *Sardinops*
 - *Sardinops caeruleus* – **sardiña de California**
 - *Sardinops melanostica* – **sardiña xaponesa**
 - *Sardinops neopilchardus* – **sardiña australiana**
 - *Sardinops ocellatus* – **sardiña de Sudrfrica**
 - *Sardinops sagax* - **sardiña chilena**